29.07.11.- Recoñecemento de trienios dun traballador.

29.07.11.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de "Renovación de alumeado en Urbanización Monte Balado.

29.07.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 387,04 euros (La Voz de Galicia).

01.08.11.- Inicio expediente de responsabilidade patrimonial da reclamación presentada por D. José Antonio Fernández González en representación de D^a. María José Pais Montero, para determinar a responsabilidade ou non do Concello polos danos sufridos no seu vehículo.

01.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 23,54 euros (CP Agro Novo).

01.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 411,74 euros (Telefónica Mviles).

01.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 49.430,74 euros (facturas varias).

02.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 141,60 euros (Centyc Europa).

03.08.11.- Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación da modificación do regulamento orgánico municipal.

03.08.11.- Autorización para celebrar o 11 de agosto de 2011 os festexos de San Xulián no lugar de A Igrexa-Luaña.

04.08.11.- Convocatoria Pleno extraordinario urxente a celebrar o 5 de agosto.

04.08.11.- Autorización para celebrar o 5 e 6 de agosto de 2011 os festexos de San Salvador no lugar de San Salvador.

05.08.11.- Nomeamento da funcionaria María Elisa Gómez Ferreiro, como secretaria accidental do Concello durante as vacacións do secretario.

08.08.11.- Altas no padrón de habitantes do mes de xullo.

08.08.11.- Baixas no padrón de habitantes do mes de xullo.

08.08.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondentes ao mes de xullo de 2011.

08.08.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de xullo 2011.

08.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 732,21 euros (axuda complementaria transporte alumnos PLAN AFD mes xuño).

08.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 3.176,42 euros (axuda complementaria transporte alumnos PLAN AFD mes xullo).

08.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 3.124,12 euros (gastos funcionamento PSOE) polo importe de 1.305,62 € (gastos funcionamento PP).

08.08.11.- Aprobación da certificación única da obra de Reparación de diversas infraestruturas en Brión polo importe total de 91.999,68 euros.

08.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.920,00 euros (LANGUAGE - TRAINER).

08.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 25 euros (CP Agron Novo).

09.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 29.806,98 euros (Feiraco).

10.08.11.- Baixas no Padrón de Habitantes do Concello de Brión por inscrición indebida.

10.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 15.862,08 euros (facturas varias).

10.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 4.050,25 euros (Constructora Outón SLU).

11.08.11.- Inicio expediente sancionador tráfico.

11.08.11.- Resolución expedientes sancionadores de tráfico.

11.08.11.- Adxudicación á empresa ALCOMTE GALICIA S.L., a execución do contrato de obras de: "DIVERSAS OBRAS DE ACTUACIÓN NA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL", por 35.400 euros.

11.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 13,20 euros (Ferretería Boel).

13.08.11.- Autorización para celebrar os días 15,16,17 e 18 de Agosto de 2011 os festexos de Nosa Señora no lugar de Soigrex-a-Os Anxeles.

16.08.11.- Convocatoria XGL a celebrar o 16 de agosto.

16.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 9.120 euros (asistencia ás sesións do concellerías).

16.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 10,62 euros (gastos de locomoción e estacionamento).

16.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 44,05 euros (gastos de locomoción e estacionamento).

16.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 57,22 euros (gastos de locomoción e estacionamento).

16.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 48,64 euros (gastos de locomoción e estacionamento).

16.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 48,64 euros (gastos de locomoción e estacionamento).

17.08.11.- Autorización para celebrar o día 28 de Agosto de 2011 os festexos de Nosa Señora do Rosario no lugar de A Graña-Cornanda.

17.08.11.- Corrección do CIF da empresa COSESCO-ALDEBARÁN do grupo SOCYSER, na resolución de adxudicación do servizo "Aulas de acompañamento e reforzo para os centros escolares de Brión: CEIP e IIES".

17.08.11.- Corrección de erro material detectado, en relación coa adxudicación do servizo "Dirección de obra para a construción dunha piscina cuberta municipal" no que se adxudica o servizo ao arquitecto Manuel Carbajo Capeáns e debendo adxudicarse o contrato de servizos: "Dirección de obra para a construción dunha piscina cuberta municipal" aos arquitectos don Manuel Carbajo Capeáns con DNI: 33.300.200-H e don Celso Barrios Ceide con DNI: 33.324.770-R da empresa CARBAJO Y BARRIOS ARQUITECTOS ASOCIADOS SLP.

17.08.11.- Aprobación da liquidación de taxas da XGL celebrado o 16 de agosto.

17.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cableuropa SAU).

18.08.11.- Baixa no Padrón de Habitantes do Concello de Brión por inscrición indebida.

18.08.11.- Aprobación da certificación nº 2 e última da obra Proxecto básico e de execución de acondicionamento da parcela destinada a piscina cuberta municipal de Brión, polo importe de 12.649,98 euros.

18.08.11.- Reintegro de 5.537,76 euros da para a contratación do AEDL exercicio 2009, por importe de cantidade que resulta da diferenza entre a subvención concedida e ingresada.

19.08.11.- Autorización para celebrar os días 27 e 28 de Agosto de 2011 os festexos de Santo Arandel no lugar de Chave de Ponte-Bastavales.

19.08.11.- Inclusión no Inventario Municipal de Bens a obra "Acondicionamento da parcela destinada a piscina cuberta municipal" por 150.000 €.

22.08.11.- Autorización para celebrar os días 30 e 31 de Agosto de 2011 os festexos de San Ramón no lugar de O Tremo-Os Anxeles.

22.08.11.- Aprobación definitiva do Padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de saneamento, correspondente ao 2º trimestre de 2011.

22.08.11.- Autorización para a celebración da Festa do Cabalo os días 17 e 18 de setembro.

22.08.11.- Devolución do pago do ICIO da licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Guitiande 57, por importe de 3.456,27 euros.

22.08.11.- Devolución da fianza das obras de "Urbanización de frente de parcela, vilculadas á execución dunha vivenda unifamiliar sita en Soigrex-a nº50", polo importe de 1.100,00 euros.

22.08.11.- Devolución do ingreso indebido por importe de 120,00 euros pagados en concepto de Taxa de conexión á rede de abastecemento de auga.

22.08.11.- Devolución de ingresos indebidos por importe de 50,00 euros pagados en concepto de prezo público polo curso de Microsoft Access 2007.

22.08.11.- Devolución de ingresos indebidos por importe de 25,00 euros pagados en concepto de prezo público polo curso de Fotografía.

- 22.08.11.- Devolución de ingresos indebidos por importe de 20,00 euros pagados en concepto de de prezo público pola actividade deportiva de piragüismo adultos.
- 22.08.11.- Devolución de ingresos indebidos por importe de 17,00 euros pagados en concepto de prezo público pola actividade "Ruta de sendeirismo Illas Cíes.
- 22.08.11.- Outorgar unha subvención a Bastavales Unión Deportiva por importe máximo de 6.800 €
- 22.08.11.- Outorgar unha subvención á Sociedad Deportiva Brión por importe máximo de 5.400 €
- 22.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 699,30 euros (estación de servizos Manzaneda).
- 24.08.11.- Inclusión no Inventario Municipal de Bens a obra "Reparacion de diversas infraestruturas en Brion" por 91.999,68 €
- 26.08.11.- Baixa no padrón por inscrición indebida.
- 26.08.11.- Inicio de procedemento de caducidade de licenza de obra maior para construír dúas vivendas unifamiliares pareadas no Outeiro 31 e 32, Bastavales.
- 29.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 15.242,29 euros (atrasos produtividade laboral do exercicio 2010).
- 29.08.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.360,17 euros (Telefónica España).
- 29.08.11.- Convocatoria XGL a celebrar o 30 de agosto.
- 30.08.11.- Ordenar a Antonio Bello Couso para que proceda á demolición do alpendre sito na Aldea de A Torre, nº 7.
- 31.08.11.- Aprobación da xustificación e recoñecemento da obriga deste Concello coa Sociedade Deportiva Brión polo importe total de 5.400,00 euros.
- 31.08.11.- Aprobación da xustificación e recoñecemento da obriga deste Concello con Bastavales Unión Deportiva polo importe total de 6.800,00 euros.
- 31.08.11.- Recoñecemento de trienios a dous traballadores.
- 31.08.11.- Pago gratificación a un laboral.
- 31.08.11.- Pago gratificación a un funcionario.
- 01.09.11.- Altas no Padrón de Habitantes do Concello no mes de agosto
- 01.09.11.- Baixas no Padrón de Habitantes do Concello no mes de agosto.
- 01.09.11.- Ordenar novamente a D^a. María Fabeiro Martínez que proceda a demoler as obras realizadas de incremento de volume no espazo baixo cuberta que está a realizar en Bastavaliños 12.
- 01.09.11.- Pago nóminas.
- 01.09.11.- Liquidación XGL celebrado o 30 de agosto.
- 01.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 353,86 euros (Telefónica Móviles).
- 01.09.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 141,60 euros (Centyc Europa).
- 02.09.11.- Convocatoria Pleno ordinario a celebrar o 7 de setembro e convocatoria comisión contas para o 6 de setembro.

O Pleno queda enterado.

3º) DAR CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010 DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 2 de setembro de 2011, que transcrita di:

En virtude do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, propoño:

Primeiro.-Trasladar ao Pleno os informes de Intervención e Tesourería correspondentes aos terceiro e cuarto trimestres do 2010 e primeiro e segundo trimestres de 2011, sobre o cumprimento das previsións establecidas na Lei 15/2010, de acordo co establecido no artigo 5º apartado 4 da citada Lei.

Segundo.- Que se dea traslado dos citados informes aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

O Pleno queda enterado do contido dos informes referenciados.

4º) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2010.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 31 de agosto de 2011, que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do Concello de 2010, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 22 de xullo de 2011, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm: 146, do 2 de agosto de 2011 e no taboleiro de edictos do Concello e non presentándose durante dito prazo e os oito días hábiles seguintes ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de Secretaría obrante no expediente, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do orzamento do Concello de 2010.

2º) Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, rendir a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na Resolución do Consello de Contas de Galicia do 11 de xullo de 2011, pola que se ordena a publicación do acordo do pleno da instrución do 3 de maio de 2011, polo que se aproba a instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 18.07.2011), debendo remitirse a mesma por Intervención.

Debate:

A Srª. concelleira Vázquez García sinala que a conta xeral do orzamento é un documento legal que realiza intervención e non teríamos nada que obxectar, pero debido aos informes de reparo argumentados pola intervención nos abtemos. Sería conveniente que cando haxa facturas superiores aos 18.000 € non utilizar o contrato menor.

O Sr. Alcalde sinala que efectivamente hai un reparo, non porque ningunha factura sobrepase os 18.000 €, pero pódese considerar que a suma delas si. O Concello realiza obras por administración, o encargado das compras son os funcionarios encargados das obras e de primeiro non se sabe se a suma delas é superior aos 18.000 €. Ata hai pouco sacábase un concurso a principios de ano no que as empresas ofertaban os mellores prezos e séguese coas mesmas empresas adjudicatarias; o que se pide é que por parte de intervención, en uso das atribucións que lle confire a Base 33 das bases de execución do orzamento, dite na maior brevidade, as instrucións e circulares que consideren oportunas aos efectos de normalizar os procedementos administrativos para a adquisición do material preciso para as obras que execute o Concello.

O Sr. concelleiro Pena Espiña sinala que o reparo de intervención non é nada novo, que se debería cumprir estritamente co que determina a lexislación, de ir ao concurso cando sexa necesario. En moitos sitios isto deriva en asuntos complexos e reitero que se debe cumprir estritamente coa lexislación.

O Sr. Alcalde aclara que sempre se fixo así ata no momento que polos servizos técnicos entenderon que esa non era a mellor solución e pasouse a facer doutra forma.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 7, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (7).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 5, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 31 de agosto de 2011 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 6 de setembro, que transcrita di:

Ante circunstancias sobrevidas á aprobación do orzamento e debido a necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias partidas, dado que non existe no orzamento da corporación crédito ou este é insuficiente , tales como:

- Leasing para maquina varredora servizo de Limpeza Viaria.
- Estanterías arquivo municipal.
- Convenio prevención drogodependencias.

Conforme as disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito orzamentario ou este sexa insuficiente no Orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito respectivamente. Tal modificación de créditos deberá atenderse indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranse da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recaudados sobre os totais previstos no Orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de créditos nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financiarán o citado expediente o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e na súa virtude, previo estudio das necesidades, de carácter inaprazable, someto a consideración do Pleno do Concello a modificación que a continuación se especifica e a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 26/2011, de créditos extraordinarios e suplemento de créditos financiado con cargo a remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de 9.254,76 euros, de acordo co seguinte esquema:

1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (partidas non dotadas no orzamento)

CÓDIGO DE PROXECTO	PARTIDA ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
	163/358.00	Leasing maquina varredora.Carga financeira	1.585,85
	163/203.00	Leasing maquina varredora.Recuperación custe	3.912,95
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO			5.498,80

2º SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (partidas dotadas insuficientemente)

PROX.	Partida Orzamentaria	Consignación antes deste expediente(€)	Aumento que se propón (€)	Total consignación resultante (€)	Causas da súa necesidade
	231/462.00	0	2.255,96	2.255,96	Convenio prevención drogodependencias
	920/625.00	500,00	1.500,00	2.000,00	Adquisición estanterías arquivo

					municipal
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO					3.755,96

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 9.254,76

REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X. RESULT. LIQUIDACIÓN 2010	518.033,87
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 11/2011	64.290,00
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 13/2011	16.950,00
RLTGX UTILIZADO NO EXP. DE MOD 22/2011	223.353,80
RLTGX UTILIZADO NO PRESENTE EXP DE MOD 26/2011	9.254,76
= REMANTE DE TES. PARA GASTOS XERAIS DESPOIS DESTE EXP. DE MOD 26/2011	204.185,31

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución.

D) Recursos procedentes de operacións de crédito.

Importe total do financiamento.....	9.254,76 €
-------------------------------------	------------

2.- Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

E dada conta igualmente do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do expediente de modificación de créditos MC 26/2011, do 2 de setembro de 2011, que transcrito na súa conclusión di:

Se conclúe do cálculo anterior a capacidade de financiamento deste Concello , polo tanto, a situación é de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, polo que, de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei Xeral de estabilidade orzamentaria, procede:

a) Elevar este informe ao Pleno para a súa toma de razón.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes ao grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4), e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra:0.

Abstencións:0.

Queda aprobada por unanimidade a proposta nos seus propios termos, tomando igualmente o Pleno coñecemento do informe de Intervención..

6º) MOCIÓNS.

De seguido apróbase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia de todas as mocións presentadas polos grupos do PP e Mixto (BNG) para este Pleno, polo que se procede ao seu debate e votación.

6.1. MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP:

1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE O CATÁLOGO PRIORIZADO DE PRODUCTOS FARMACÉUTICOS.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo da conta da moción presentada polo grupo municipal do PP con nº entrada 2.107 e data de rexistro do 17 de agosto de 2011, que transcrita di:

O pasado 22 de decembro, o Parlamento de Galicia aprobaba a Lei 12/2010 de racionalización do gasto na prestación farmacéutica na nosa comunidade. O obxecto da nova norma é establecer as medidas de racionalización do uso dos medicamentos e produtos sanitarios no ámbito do Servizo Galego de Saúde, mediante a implantación dun catálogo priorizado de produtos farmacéuticos.

Esta lei, consensuada coas sociedades científicas, contou co respaldo parlamentario do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, e contempla, entre outros, aspectos tan fundamentais como:

- Financiación pública de todos os principios activos.
- Financiación pública de todos os fármacos que se axusten aos de prezo menor fixado no nomenclátor nacional.
- Atención diferenciada e excepcional nos casos que corresponda.

A pesar de que o gasto farmacéutico é un dos principais compoñentes do gasto sanitario, e un dos que máis comprometen a sostenibilidade futura dos sistemas sanitarios, esta lei foi recorrida polo Goberno Central ante o Tribunal Constitucional, o que provocou a suspensión cautelar da mesma.

O pasado 28 de xuño o Tribunal Constitucional acorda levantar a suspensión cautelar da lei, entrando o alto tribunal en consideracións de fondo que avalan a norma aprobada polo Parlamento de Galicia.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Brión somete a consideración do Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Instar ao Goberno de España a retirar o recurso interposto ante o Tribunal Constitucional en contra da lei de racionalización do gasto na prestación farmacéutica en Galicia.

SEGUNDO : Instar ao Goberno Central para que tendo en conta a proposta aprobada no Parlamento de Galicia cos votos do PP e BNG, estenda o Catalogo priorizado no resto do Estado, co fin de garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde.

TERCEIRO: Divulgar, desde o Concello, como institución máis próxima á cidadanía, e concretamente, dende os centros comunitarios, información sobre os medicamentos xenéricos e as súas propiedades.

Debate:

O Sr. Tomé Fondo sinala que con este catálogo aforraráse uns 130 mil euros diarios e que con estes cartos se poderían financiar novas infraestruturas sanitarias. O Goberno central quere poñer o método de "principio activo", polo que o médico receta o principio activo, pero é o farmacéutico quen dispensaría a marca, o problema sería que neste caso aos pacientes crónicos se lles dispensarían os máis baratos e cada mes poden cambiar estes medicamentos.

O Sr. Alcalde sinala que de entrada non sabe se se pode considerar como moción, xa que non é competencia do Pleno, pero non hai problema en votala e discutila. O que pretendía facer o Goberno galego era un catálogo de fármacos, uns 400 que poderían ser dispensados e quedaban fóra outros 400 e pico que non podían ser dispensados, co cal era inxusto para os cidadáns galegos que quedaban en inferioridade de condicións co resto do Estado. O que se pretende é pasar a facer a receta por principio activo, entrando todos os medicamentos, sendo o farmacéutico que ten a obriga de recetar o principio activo xenérico máis barato que teña. Co catálogo en Galicia afórrase un 5%, mentres que en Andalucía acada un aforro dun 12%. Na reunión do Consello Territorial de Saúde acordaron apoiar a receta por principio activo e non a proposta do Goberno de Galicia.

O Sr. Tomé Fondo indica que coa receta do principio activo vai ser o farmacéutico quen dispensa a marca coa obrigación de que sexa máis barata. A Comunidade de Madrid está plantexándose copiar o sistema de Galicia.

O Sr. Alcalde reitera que a Xunta de Galicia fixo un catálogo cun número determinado de fármacos que quedaban fóra e que agora vaise prescribir por principio activo.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 5, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 7, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (7).

Abstencións: 0.

Queda rexeitada a moción.

6.2. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG).

1.- MOCIÓN PARA O CONTROL DAS ABUSIVAS COMISIONS BANCARIAS

O Sr. Pena Espiña da conta da moción presentada polo BNG con número de entrada 2297 de data 6 de setembro de 2011, que transcrita di:

As comisións que as entidades financeiras repercuten aos usuarios e usuarias experimentaron unha subida significativa en plena crise económica, de maneira especial ao longo dos últimos meses. Ao tempo que as entidades bancarias seguen acumulando beneficios, que ascenderon a 3.174 millóns de euros no primeiro trimestre deste ano, tamén se detectou un notábel crecemento das comisións bancarias. As estatísticas do Banco de España reflecten un incremento medio de todas as comisións bancarias, que mesmo se acentuou en só un mes (desde maio a xuño deste ano), con incrementos que van desde o 6 ao 14,28%, comisións por

mantemento de contas correntes ou de aforro que se están estandarizando ao redor dos 30 euros anuais, gravando mesmo con cantidades adicionais a contas de saldos medios inferiores a 2.000 euros.

Tamén coincide esta subida coa restrición no acceso ao crédito para a maioría de persoas, de dificultades para obter financiamento tanto por parte de empresas, emprendedores como particulares.

A subida das comisións bancarias, no caso do mantemento de contas correntes ou de aforro, que deberían estar exentas, convertense en abusivas polo feito de poder dispor as entidades do diñeiro depositado e con iso xerarlles beneficios.

A aplicación de cláusulas abusivas e inxustas por parte das entidades financeiras non pode ser consentida de maneira indefinida. A afectación e as consecuencias negativas que supoñen para millóns de persoas a continuidade desas prácticas bancarias ilegais, confírenlles un interese público e social que obrigan a que as institucións competentes, tanto o Goberno Central, que exerce a supervisión de todo o sector financeiro, como a Xunta de Galiza, á que lle corresponde dita supervisión no ámbito das caixas de aforro, encaren a situación e adopten medidas con carácter urxente en defensa do devandito interese

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte, acordo:

Instar á Xunta de Galiza, e para que a súa vez inste, tamén, ao Goberno do Estado a:

1. Adoptar as medidas necesarias para impedir que mentres se manteña a situación de crise económica se produzan aumentos das comisións que aplican as entidades financeiras.
2. Realizar unha supervisión das comisións das entidades financeiras, establecendo límites máximos por cada comisión en función de parámetros obxectivos que teñan en conta o custo real do servizo prestado.
3. Obrigar ás entidades financeiras a ofrecer de forma transparente o importe das comisións polos distintos servizos.
4. Aprobar de forma inmediata as normas legais precisas para evitar que por parte das entidades financeiras se manteña o cobro abusivo en concepto de mantemento ou administración de contas correntes ou de aforro, e a obrigar á devolución das cantidades ingresadas en caso de persistir na dita práctica.

Debate:

O Sr. Pena Espiña sinala que se ben é certo que hai problemas de liquidez é inxusto que suban as comisións. O Goberno de España ten os suficientes mecanismos para dar certas moderacións aos bancos para que non suban as comisións.

O Sr. Alcalde sinala que está totalmente de acordo, que non hai problema en aceptar a urxencia pero que non é competencia do Pleno resolver isto.

O Sr. Tomé Fondo indica está de acordo pero que o único punto que descoñece é si se pode obrigar aos bancos a non subir as comisións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes ao grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0

Abstencións: 0.

A moción queda aprobada por unanimidade.

7º) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO DO GRUPO POPULAR

O Sr. Alcalde sinala que o grupo Popular presentou un extenso escrito con 7 preguntas. O Sr. concelleiro Tomé Fondo sinala que esas preguntas non eran para levar ao pleno, xa que no encabezamento non pon nada do Pleno. O Sr. Alcalde respóndelle que se presenta sete preguntas ao Concello, ten que contestarllas, que pode dicir o sitio pero o lugar é o Pleno.

O Sr. Tome Fondo indica que quede constancia na acta de que non quere que se lle conteste no Pleno, que o escrito que presentou non é o modelo utilizado para levar ao pleno e que ademais ten máis puntos.

O Sr. Alcalde sinala que quedará rexistrado e que isto non é decisión súa, que se fai así segundo informe do secretario. Pasa a contestar as preguntas que versan sobre un mesmo tema, sobre unha obra que se fai nas Torres de Altamira, sinalando ao concelleiro Tomé Fondo que puido ver o expediente cando o solicitou.

1.- ¿Han comprobado en las diferentes vistas aéreas de la finca del lugar de las obras, desde el año 2005 hasta el actual, que ese muro no estaba construído?

O Sr. Alcalde responde que nas fotografías proporcionadas, que están en catastro, non hai posibilidade de saber si existía muro ou non, na fotografía presentada sinalan o muro, o alpendre e a finca, porque non hai posibilidades de sabelo. Unha das construcións que legaliza Patrimonio nin tan siquera aparece na fotografía.

2.- ¿Cómo este Ayuntamiento acepta un informe privado para archivar el expediente?

O Sr. Alcalde responde que está previsto na lei que un informe técnico sexa un medio probatorio, é válido en dereito, é un medio que non só o acepta o Concello senon a propia Consellería e administración autonómica e a Axencia de Protección de Legalidade Urbanística e así o fixemos nós.

3.- ¿Qué alegaciones o documentación ha presentado el Sr. Bello sobre esta obra, si es que ha presentado alguna alegación?

O Sr. Alcalde responde que si presentou alegacións con data 16 de agosto, que estamos a falar da caseta nova e que veu o expediente. O Sr. Tomé indica que cando veu o expediente non estaba a alegación. O Sr. Alcalde sinala que na alegación o Sr. Bello recoñece que non ten a preceptiva licenza e que tratándose dun alpendre que non se pode legalizar asume as consecuencias derivadas do citado incumprimento.

4.- ¿Qué infracción se le va a imponer al denunciado, independientemente, de que al final, se archive o no el expediente de reposición?

O Sr. Alcalde responde que infracción ningunha. O Sr. Tome indica que a qué infracción se refire, será sanción. O Sr. Alcalde indica que contesta o que pon no escrito e que non se vai a poñer infracción algunha.

5.- Desde el verano del 2010 en el que se informaba al Sr. Alcalde de la realización de diversas obras, entre ellas esta nueva construcción ¿Por qué han esperado prácticamente un año para entrar en el interior de la finca y comprobar la existencia de esta caseta?

O Sr. Alcalde responde que non se presenta a denuncia da nova caseta no 2010, senon no ano 2011, tendo o expediente a disposición do concelleiro. Tan pronto se sabe disto pídeselle ao propietario autorización para entrar na súa finca, xa que hai que entrar no interior da finca para poder ver a caseta. O Alcalde sinala que teñen a primeira denuncia en maio de 2011 e a partir de aí actuouse con bastante premura.

6.- ¿Por qué non tomaron medidas al respecto el año pasado, y ha esperado hasta este año 2011, dejando así que se finalizaran e incluso posteriormente, se ampliaran?

O Sr. Alcalde responde que se a caseta existía no 2010 ¿por qué non consta nas denuncias presentadas?. En relación coa tardanza, no momento que se tivo constancia se fixeron as actuacións oportunas e mandóuselle ao Sr. Bello que fixera as correspondentes alegacións; presentou ditas alegacións e con data 30

de agosto desestimáronse, ordenando ao Sr. Bello que no prazo máximo de tres meses proceda á demolición do alpendre sito en A Torre nº 7, debendo presentar solicitude e proxecto de demolición das obras e conseguir a oportuna autorización autonómica.

7.- ¿Por qué no se impuso ninguna sanción económica al infractor?

O Sr. Alcalde responde que unha vez legalizadas as obras non se impuxo ningún tipo de sanción porque non se impuxo nunca a ningunha persoa que cumpre co que se manda desde aquí. Impónselle a aquelas persoas que se resisten a cumprir coa legalidade urbanística. Outra cosa é que se solicite que todas as persoas que cometan infracción urbanística se lles proceda a abrir sanción económica.

ROGOS E PREGUNTAS ORAIS DO PP

O Sr. Tomé Fondo sinala que o primeiro rogo é relativo aos locais dos grupos políticos. Estes ían estar aquí ao lado, despois na antiga Casa do Concello, pero a día de hoxe seguimos sen ter eses locais. O primeiro rogo é que se poda poñer a disposición canto antes destes locais.

O segundo rogo é a petición dun espello na urbanización de Agro Novo na última ringleira de chalés, detrás da farmacia. Na primeira baixada hai perigo polo que pedimos que se poña un espello nesa curva.

O Sr Tomé Fondo realiza as seguintes preguntas orais:

1.- ¿Cantos cartos ten que pagar o Concello pola sentenza do Polígono de Pérros?

2.- A segunda pregunta non se fixo en marzo ou abril porque estaban próximas as eleccións e podía considerarse como un ataque político. É unha pregunta relativa á casa dun familiar do Tenente Alcalde en Guisande. Son varios os veciños que comentan que as luces que hai no exterior da casa e na piscina estaban conectadas co alumado público. No mes de marzo foi a empresa que leva o mantemento do alumado público e quedou arraxado. A pregunta é ¿desde cando estaban esas farolas conectadas ao alumado público ou que pasou realmente aí?

O Sr. Alcalde solicita que con respecto ao segundo rogo lle dea un croquis para poder saber do sitio exacto para colocar o espello.

Con respecto ao polígono de Pérros o Sr. Alcalde sinala que o Concello non ten que pagar nada, xa que a defensa a fixo a Deputación da Coruña.

Con respecto a luz de Guisande, o Sr. Alcalde indica que a familia do Tenente Alcalde cedeu terreo para facer unha pista e que si antes tiña metro e medio agora ten cinco metros de ancho e que si se sacou antes a luz non o sabía.

O Tenente Alcalde Rodríguez Romarís, aclara que onde estaba a farola había un camiño público, e ésta estaba enganchada á casa. Se fixo un cambio de camiño, e quedou dentro do noso terreo ao facer dito cambio, ademais sinala que na casa da súa nai non hai piscina e que pode pasarse cando queira para mirar.

O Sr. Alcalde, con respecto aos locais, toma nota do rogo e di que lle falta pouquiño, xa que os obreiros empezaron esta semana a obrar.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLO BNG:

1.- Nas pasadas festas do Corpus nos Ánxeles houbo unha actuación da banda de música que consistiu no percorrido ao longo da estrada. Parece que a banda ocupaba toda a rúa facendo dificultoso a circulación dos automóviles. O certo que esta actuación da banda ao logo da rúa non estaba debidamente dirixido xa que nin

persoal da policía municipal nin do grupo de intervención estaban presentes no acto, e mesmo eran os cidadáns os que ían controlando os problemas orixinados co tráfico.

O noso rogo é que neste tipo de acontecementos sempre estea presente a policía municipal ou persoal do grupo de Intervención.

O Sr. Alcalde responde que é unha festa organizada polos veciños, e non se sabe se a banda vai pasar pola estrada que en ningún momento se presentou solicitude para que se vixiara. Se piden algo os veciños o Concello colabora con todo o mundo sen problema.

2.- A pista que vai por detrás das urbanizacións de Agro Novo e Monte Devesa, entre Piñeiro e a escola de Os Anxeles, foi limpada nas súas beiras nos pasados días. Ao limpar a maleza aflorou moito lixo, bolsas de plástico, botellas, etc, que dan un aspecto lamentable cando se pasa por ese camiño. Solicitamos que canto antes se proceda a limpar ese camiño.

O Sr. Alcalde responde que a pista limpouse e que se quedou algunha bolsa se sacará.

3.- Parece que segue habendo algún problema co exceso de solicitudes para o acceso á gardería municipal. Queremos saber como se atopa o asunto.

O Sr. Alcalde responde que a día de hoxe hai unha gardería con seis aulas. Presentáronse 44 solicitudes de renovación co horario anterior, foron concedidas as 44. Houbo dúas solicitudes de renovación con horarios novos, concedidas tamén e por último 58 solicitudes novas, das cales 44 foron concedidas e 14 denegadas (1 por non empadroamento e 13 por esgotamento de prazas), quedaron libres 3 prazas polo que quedan 10 rapaces sen praza.

4.- Igualmente ao respecto dos problemas xurdidos ao remate do pasado curso co comedor do Colexio de Pedrouzos, queremos saber si o Concello ten coñecemento de cómo se atopa a situación nestes momentos e mesmo que xestións ten feito na Consellería de Educación.

O Sr. Alcalde responde que esta información se obtén directamente da dirección do CEIP:

Os nenos de Brión con dereito a comedor escolar que solicitaron o servizo dentro de prazo están todos admitidos. A día de hoxe, hai catro nenos de Brión que presentaron solicitude fóra de prazo e están en lista de agarda. Nenos de Brión, sen dereito a comedor escolar pero con praza no servizo: 5. Nenos de Ames sen dereito a comedor pero con praza no servizo son 4, e nenos de Ames sen dereito a comedor escolar e sen praza no servizo son 3.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e oito minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretaria accidental, dou fe.

O Alcalde.
Vº e Prace.

A Secretaria accidental.

Asd. José Luis García García.

Asd. Mª Elisa Gómez Ferreiro.